

## PREGUNTA ORAL SOBRE AS XESTIÓNS REALIZADAS PARA A CONTINUIDADE DO TRAZADO DAS ESTRADAS N-634 E N-547 EN LAVACOLLA

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O intenso ritmo dos traballos e as previsións apuntadas polo Ministerio de Fomento para o remate das obras do tramo da autovía entre Lavacolla e Arzúa Oeste no actual ano 2018 levaron ao Grupo Popular a presentar hai nove meses unha iniciativa plenaria para instar ao Goberno central a que acometera unha actuación complementaria das obras da citada autovía, coa finalidade de mellorar a mobilidade da veciñanza da parroquia da Sabugueira e, en xeral dos núcleos máis próximos ao aeroporto de Lavacolla, contribuíndo a unha axeitada integración do tramo do Camiño de Santiago que discorre en paralelo.


A proposta, que contou co apoio unánime da Corporación Municipal, trata de resolver unha situación problemática nas inmediacións do entronque do tramo xa construído, tal e como demandan os veciños, posto que solución adoptada inicialmente no proxecto, cun enlace preto do polígono do Pino non lle dá resposta axeitada á continuidade dos vellos trazados das estradas N-634 e N-547.

Como é sabido, o propio Grupo Popular encargou un proxecto básico a un estudo de enxeñería para fixar e valorar a actuación proposta, definindo as liñas xerais dunha sinxela actuación, ampliando vía de servizo prevista en zahorra para convertela nunha plataforma con firme de aglomerado e dobre carril que enlazara os antigos trazados truncados polas obras.

En relación con esta cuestión, formulamos a seguinte pregunta:

***Que pasos ten dado o Goberno Municipal, e en que datas, para cumprir o acordo plenario acadado en xaneiro de 2018 no tocante a: demandar a continuidade do vello trazado das estradas que discorren en paralelo á autovía en Lavacolla; a oferta de terreos para a súa execución; e a planificación para a mellora do tramo municipal da antiga estrada entre Santiago e Lavacolla.***

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2018



Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Popular